



MINISTERIO
DEL INTERIOR



DUPLICADO DE AUTORIZACIONES PARA CONDUCIR

SUPOSTOS: DETERIORACIÓN, EXTRAVÍO, SUBTRACCIÓN OU VARIACIÓN DE DATOS DO PERMISO O LICENZA DE CONDUCCIÓN E DA AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS.

DOCUMENTACIÓN

- 1. Solicitud:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es).
- 2. Taxa IV.4 :** 20,40 € para permiso e licenza de conducción.
IV.5 : 10,30 € para a autorización de transporte de mercaderías perigosas.
Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).
- 3. Acreditación de identidade e residencia:**
 - **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.
- 4. Permiso, licenza de conducción ou autorización de mercadorías perigosas:** orixinal do documento, agás nos casos de subtracción ou extravío.
- 5. Fotografía (só para licenzas de conducción):** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.
Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.
- 6. Variación de datos:** documento orixinal que o acredite.

SUPOSTOS ESPECIAIS

- **Domicilio:** en caso de cambio, comunique o novo domicilio (non se expide un novo documento).
Consulte na web www.dgt.es se pode facer esta comunicación dende o seu concello.
A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación
- **Para duplicados de permisos de conducción que tiñan formato de cartolina: talón foto** cuberto e asinado dentro do recadro correspondente. Pódese obter nas xefaturas provinciais e locais de Tráfico.
- **Taxa:** pola comunicación de novo domicilio, cambio de nome á lingua cooficial da comunidade autónoma e cambio de nome por razón de sexo, non se esixe taxa.
O trámite é gratuito se se trata de modificación dos datos que consten nos documentos de identidade das persoas físicas.
- **Representación:** cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que a representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuito.

(Actualización: 22/06/2018)